

EXPEDIENTE:	Aprobación inclusión da rúa Fonte dos Concheiros na zona 3 de residentes de San Pedro
PROCEDIMENTO:	Aprobación da inclusión da rúa Fonte dos Concheiros, na zona 3 de Residentes de San Pedro.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 12 de decembro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación da inclusión da rúa Fonte dos Concheiros, na zona 3 de Residentes de San Pedro.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Con data 28 de novembro de 2022 o técnico municipal do Servizo de Mobilidade e Seguridade emite informe, no que se pon de manifesto:

A reforma do entorno da rúa dos Concheiros con levou unha serie de cambios na mobilidade do seu entorno. Un destes cambios foi a eliminación de todo o aparcamento en superficie que existía na rúa dos Concheiros, rúa que conta cunha serie de edificios sen garaxes. Esta falta de prazas está a repercutir de maneira importante neste veciños, sen outra opción para estacionar os seus vehículos. Tras ter recibido varias queixas ó respecto, solicitando unha solución, este Departamento plantexa a inclusión da rúa da Fonte dos Concheiros na zona 3 residentes de San Pedro, con dereito a tarxeta e a posibilidade de estacionar nas zonas de aparcamento reservas que lle corresponden a esta zona 3.

CONSIDERACIÓNS

A Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes, establece:

A Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, poderá:

a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para todas as zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado. Asemade, poderá tamén realizar ditas modificacións con relación as zonas de residentes.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Aprobar a inclusión da rúa da Fonte dos Concheiros na zona 3 de residentes de San Pedro, con dereito a dispoñer da correspondente tarxeta, sempre que se cumpran os requisitos esixibles segundas determinacións contidas na Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes, que posibilita o estacionamento nas zonas de aparcamento reservadas a tal fin que lle corresponden a esta zona 3.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a inclusión da rúa da Fonte dos Concheiros na zona 3 de residentes de San Pedro, con dereito a dispoñer da correspondente tarxeta, sempre que se cumpran os requisitos esixibles segundas determinacións contidas na Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes, que posibilita o estacionamento nas zonas de aparcamento reservadas a tal fin que lle corresponden a esta zona 3.